

PARAÍSO

[Andrei Konchalovsky, 2016]

229

ESTREA EN NUMAX: 12.05.2017 | V.O.S.E. | +12

Rai (2016, 130')

Dirección: Andrei Konchalovsky

Guión: Andrei Konchalovsky

Elenco: Yuliya Vysotskaya, Christian Clauss, Philippe Duquesne, Peter Kurth, Jakob Diehl, Viktor Sukhorukov, Vera Voronkova

Son: Achim Hofmann

Montaxe: Sergey Taraskin, Ekaterina Vesheva

Fotografía: Aleksandr Simonov

Música: Sergey Shustitskiy

Produtoras: DRIFE Productions, Production Center of Andrei Konchalovsky (Rusia)

Distribuidora: Film Buró

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idiomas orixinais: Ruso, alemán, francés, hebreo

PREMIOS E FESTIVAIS

Xixón 2016 (Mellor fotografía, mellor actriz —Yuliya Vysotskaya—, premio do xurado mozo), Festival de Venecia (mellor director), Golden Eagle Award (mellor longametraxe, mellor director, mellor actriz), Mar del Plata (mellor guión)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El cartero de las noches blancas, 2014

Tango y Cash, 1989

El tren del infierno, 1985

Los amantes de María, 1984

Siberiada, 1978

Tío Vania, 1971

El primer maestro, 1966

SINOPSE

Seguimos os pasos de tres persoas cuxos camiños se cruzan nos terríbeis tempos da II Guerra Mundial. Olga é unha aristócrata rusa membro da Resistencia Francesa que é arrestada pola policía nazi por ocultar a dous nenos xudeus durante unha redada. Enviada á cadea en espera dunha decisión final, coñece a Jules, un funcionario francés colaboracionista que debe investigar o seu caso.

«Estilizando o horror sen pervertilo, máis Haneke ca Spielberg, un Holocausto con cinta branca ás portas do ceo de Konchalovski».

Yago García, CINEMANÍA



«Non hai que dar aos espectadores verdades mastigadas»

Entrevista con Andrei Konchalovsky

Por E. Nina Rothe

Lin que a túa intención foi facer un filme que nos lembre de onde vimos, para non repetir os nosos erros. Como empezaches a escribilo e por que nestes momentos? Fíxeno agora porque me apetecía. Non pensei nunha mensaxe concreta ou nalgunha cuestión de actualidade, simplemente é unha historia. Tendo a pensar en termos filosóficos sobre o ser humano. É moi reconfortante pensar que toda a humanidade e cada individuo en concreto son como o experimento de forzas ou lóxicas máis elevadas. Pensei en facer un filme sobre tres personaxes que coinciden pero se encontran en diferentes dimensións da experiencia humana.

Veñen de pasados diferentes. Pero os tres me gustan. É moi importante querer aos teus personaxes mais é doado mostrar un nazi como un animal, un sádico, unha persoa terríbel ou algo así. Inmediatamente sentes que é malo. A miúdo na vida gústache unha persoa, ou mesmo a queres, e pode que esa persoa faga cousas terríbeis mais non deixas de querela. Simplemente sofres. Coido que non hai que dar aos espectadores verdades mastigadas. O espectador debora ser seducido polo personaxe.

Sucede como nas grandes novelas, nas que pode haber personaxes maravillosos que obran erradamente.

Aínda que dis ter escrito o filme sen buscar unha mensaxe maior, coido que a túa mirada é moi profética. Cres que os cineastas coma ti son os profetas do noso tempo? É un

gran cumprimento, grazas. Porén, prefiro ser considerado como un artesán, non un xenio ou un profeta, gustaríame ser considerado como un mestre que procura novos camiños para enxergar o mundo. Dalgunha maneira os meus filmes máis recentes supoñen o comezo do meu novo camiño como cineasta, logo de cincuenta anos. Canta maior intensidade empregas no teu ollar, máis universal ha ser o teu filme. Canto estás en silencio e realmente tentas escoitar o silencio, comezas ouvir cousas extraordinarias. Nese sentido sinto que canto menos explico ao espectador máis o convido a imaxinar.

É por iso que *Paraíso* é en branco e negro? Porque simplifica a nosa ollada forzándonos a explorar no relato con todos os nosos sentidos?

Coido que filmar o Holocausto e os campos de concentración en cor é obsceno.

Cres que nun futuro a xente seguirá indo ao cinema? Desde logo, é máis fácil ver ca ler. Por iso as grandes corporacións se dedican ao cinema e convertérono nunha caste de entretemento, fornecendo á xente dunha chea de imaxes excitantes. A diferenza entre arte e entretemento

é que este último excítate e logo esqueceste de todo desde o momento que saes do cinema. A arte pode entreter mais deixa pegada e non a esqueces ao rematar o visionado. Gústame esa xente que ao saír do cinema camiña en silencio durante un tempo, sen querer articular palabra.

Viviches e traballaches tanto no teu país de nacemento, Rusia, como nos Estados Unidos. Cales son as vantaxes e inconvenientes dos dous lugares? Comecei como cineasta na Unión Soviética, nun período maravilloso para filmar sempre que souberas ben aquilo do que debías falar e do que non. Era doado, dalgún xeito. Traballei con Tarkovsky facendo *Andrei Rublev* (1966). Tería sido moi difícil facela en Occidente pois foi moi cara e nese sentido, aínda que non houbera liberdade, tivemos certo éxito cos nosos filmes. Logo Tarkovski foise para Europa e eu aos Estados Unidos buscando liberdade e decateime de que alí podes falar do que queiras sempre e cando acadas un retorno de diñeiro. Podes facer de todo pero tes que sacar beneficios.

E agora sénteste un cineasta libre? Por suposto que non. Cando regresei a Rusia nos anos noventa tiña liberdade mais non diñeiro. E a liberdade de seu non abonda para facer unha obra mestra. Finalmente Don Quixote creouse baixo a enorme censura da Inquisición.

Publicado en www.huffingtonpost.es/
Tradución ao galego: Xan Gómez Vías

NA LIBRARÍA NUMAX

Andrei Rublev,

Andrei Tarkovski. Sígueme, 2006

El cartero de las noches blancas,

Andrei Konchalovsky. Cameo [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

